

PROPOSTAS DE TRABAJO

COVID- 19



6º EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP MESTRE RODRIGUEZ XIXIREI

Con Motivo da emerxencia sanitaria que estamos vivindo, aquí vedes recollidas unha serie de propostas para realizar na casa:



- *Ler Contos*
- *Xogos de mesa en familia: parchís, dominó, bingos de números e letras, xogos de cartas (UNO, cinquillo, burro...)*
- *Crear un libro de temática escollida polos nenos/as (animais, natureza, historias fantásticas, etc.) con portada, título, autor/a e contraportada, debe conter debuxos, imaxes...*
- *Observar cada día no calendario, o refrán do mes de marzo, contar os días en voz alta, rodear ou tachar os días que pasan, etc.*
- *Colaborar nas tarefas domésticas, facendo un rexistro no que anoten o nome e as responsabilidades que ten cada membro da casa.*
- *Elaborar un diario: nun caderno calquera poden rexistrar as actividades que fan no día, as novas e acontecementos de actualidade que escoitan ou ven na televisión, poden pegar imaxes, debuxar, e tamén expresar como se senten..*
- *Escribir cartas para os seus compañeiros/as que logo podemos ler na escola, que escriban o destinatario e o remitente.*
- *Elaborar e anotar os ingredientes dalgunha receita.*
- *Para aqueles que aínda o teñen pendente, realizar o traballo de investigación sobre Barcelona e os Xogos Olímpicos 92: incluír información sobre a cidade, esculturas, edificios emblemáticos, mapas, fotografías, etc.*

Este trimestre estamos traballando as novas que aparecen no xornal, outra idea interesante e imprimir algunha nova e inventar un novo titular. Tamén podedes aproveitar para realizar simetrías e mandalas con obxectos que teñades por casa e facer xogos cos números pares e impares.

Graciñas pola vosa colaboración. Moito Mindfulness para estos días e ánimo familias !

**NOS VOS ESQUEZADES DE VISITAR OS BLOGUES DO COLE,
TEDES MÁIS IDEAS, VÍDEOS E CANCIÓNS !!**